

Cuestionario:

1. Que factores inciden na elección da forma xurídica?. Explica brevemente como inflúe cada factor.

2. Ana e María queren crear unha Sociedade Limitada de Nova Empresa e cada unha aporta 6000 euros. é posible?

3. A que Tipo de imposto está sometido un empresario individual?

4. Cal é o mínimo número de socios que necesitamos para montar unha S.L e unha S.A.? E para unha Cooperativa?

5. Para a elección da forma xurídica teño tres grandes opcións. Cales son?

6. En que consiste unha Sociedade de Responsabilidade Limitada de Nova Empresa .

7. Qué é un emprendedor de responsabilidade limitada?

8. A responsabilidade limitada significa: a) Que os socios responden só coa aportación b) Que os socios respondan cos seus bens c) Que os límites da responsabilidade dos socios os marcan os estatutos

10. Sinala se é correcto e falso e por que?

a) O empresario individual ten responsabilidade limitada.

b) A sociedade limitada ten responsabilidade limitada.

c) A S.A ten un capital dividido en accións.

d) O número mínimo de socios nunha S.L é 2.

e) Para ser empresario individual ten o Capital Social de 3000

f) O know how significa publicidade

g) As cooperativas unicamente peseguen o beneficio

h) Existe unha variedade de SL na que a maioría dos socios son traballadores da empresa

i) Na SA os acordos tómanse en xunta por maioría

j) As participacións da Sl pódense vender facilmente

k) As SA e as SL están sometidas o imposto de sociedades

l) As cooperativas poden ter só un socio

9. Onde van a parar o Canon de entrada, o Canon de publicidade e o royalty?

11. Cita as vantaxes das franquicias.

12. Que forma xurídica sería a máis axeitada para cada caso

- Jorge e Ana queren crear unha empresa que xestione estancias no estranxeiro. Jorge cre que non poden aportar máis de 4000 euros entre os dous. Ana está preocupada porque non quere poñer en risco a súa propia casa e tampouco quere máis socios no negocio

- Fernando quere montar unha empresa dedicada ós videoxogos. Quere facer un portal onde se presente e clasifiquen os videoxogos do mercado e onde teña acceso a foros de discusión e consellos para avanzar pantallas con maior facilidade. Tamen se lle ofrecerá a posibilidade de vender e adquirir xogos de segunda man. O problema é que Fernando non ten cartos para comezar o negocio. Que forma xurídica será a máis axeitada para el?

- Vanessa acaba de acabar o ciclo de perruquería e quere montar o seu propio negocio. O seu pai lle deixa o local e a súa nai lle dixo que lle avalaría se tivera que pedir un crédito. Os aforros de Vanessa ascenden a 1500 euros

- Dous socios queren montar un pub con 18000 euros sen que o seu patrimonio persoal corra ningún risco.

- . Un conxunto de gandeiros queren xuntarse nunha empresa para lograr poder continuar neste sector tremendamente castigado coa crise

- . Unha empresa online con poucos recursos e beneficios ó principio e onde interesa deixar a vivenda á marxe do negocio

- . Empresa familiar onde se prevén beneficios dende o principio.